



## FICHA RESUMO

**CM 410 A 2011/3-5**

<b>Ano</b>	2011
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE PESCADORES "SAN XOSE" DE CANGAS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE POLIQUETOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PE

<b>Especies</b>	<i>Hediste diversicolor</i> ; <i>Arenicola marina</i> , <i>Lumbrineris impatiens</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
<b>Ambito do plan</b>	De Punta Canabal a Punta Couso
<b>Subzonas de explotación</b>	SUBZONA A: Costa da Vela (de punta Vixía ao río de Barra) SUBZONA B: do Con de Nerga ata a cara este da praia de Congorza. SUBZONA C: desde praia do Sinal ata praia dos Alemáns.

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
8		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		70									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup> do 16 de marzo ao 31 de outubro</b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec
		x	x	x	x	x	x	x	x		

Topes de captura <sup>(6)</sup>	
Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)
<i>Hediste diversicolor</i>	100
<i>Arenicola marina</i>	100
<i>Lumbrineris impatiens</i>	100
<i>Diopatra neapolitana</i>	100

<b>Artes a empregar</b>	Sacho ou forquita
-------------------------	-------------------

<b>Puntos de control</b>	Nas zonas de traballo e na lonxa de Cangas
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Cangas



### **Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Calendario de extracción:** De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados no horario establecido na normativa vixente.

**Arte de captura:** Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da orde de 6 de febreiro de 1998, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao departamento territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Extracción simultánea** de poliquetos con outros recursos: O artigo 4º da Orde do 6 de febreiro de 1998, establece que en ningún caso poderá simultanearse a extracción de poliquetos coa doutros recursos.

Deberán respectarse as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Rural sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o 2011.